

# As claves da nova relación Estados Unidos-América Latina

*Marcelo Colussi*

*“O poder do país baseouse ante todo neste hemisferio, ás veces chamado Fortaleza América”. Documento Santa Fe IV: “Latinoamérica hoxe”. Estados Unidos, 2000.*

## Unha historia de violencia

---

A rexión latinoamericana ten características bastante peculiares en tanto bloque. Se ben hai diferenzas, mesmo marcadas, entre algunhas zonas –o Cono Sur con Arxentina; Chile e Uruguai con Centroamérica; ou os seus países máis industrializados, Brasil e México, coas illas caribeñas– na súa composición hai máis elementos estruturais comúns que dispares.

Os trazos comúns que unifican a toda a rexión son, cando menos, dous: a) todos os países que a compoñen naceron como Estado-nación modernos logo de tres séculos de dominación colonial europea (española fundamentalmente, e tamén portuguesa); e b) todos se construíron integrando aos pobos orixinarios en forma forzosa a eses novos Estados por parte das elites crioulas. Estas características marcan a lume a historia e a dinámica actual da área. Noutros termos, a violencia estrutural é unha matriz para toda a rexión, que sen solución de continuidade se vén mantendo até a actualidade dende hai cinco séculos.

En certo sentido, toda a historia de Latinoamérica no seu percorrido como unidade político-social e cultural é unha historia de monumental violencia, de profundas inxustizas, de reacción e loitas populares. Sempre, dende as primeiras épocas poscolumbinas cando pode pasar a ser considerada unha unidade en si mesma, o destino de Latinoamérica estivo vinculado a unha potencia externa: España (ou Portugal) durante os primeiros 300 anos posteriores á chegada do primeiro “home branco”; Gran Bretaña logo, xa non como invasor militar senón a través de mecanismos de subxección económica; e dende mediados do século XIX, acrecentándose de forma exponencial no XX, Estados Unidos de América.

Todo o século pasado foi, en realidade, unha intensificación da doutrina do tristemente célebre presidente estadounidense, James Monroe; é dicir, cun país como Estados Unidos convertido en potencia, medrando sen parar durante cen anos, o subcontinente latinoamericano correu a sorte maldita de pasar a ser o seu “patio traseiro” sen que lle quedasen moitas outras opcións.

Dito doutro xeito, dende o momento mesmo do nacemento das aristocracias crioulas, o seu proxecto de nación foi sempre moi débil. Estas aristocracias e “os

seus” países non naceron (distintamente ás potencias europeas ou ao propio Estados Unidos en terra americana) á calor dun xenuíno proxecto de nación sostíbel, con vida propia, con vocación expansionista: pola contra, envorcadas dende a súa xénese á produción agroexportadora primaria para mercados externos (materias primas con moi pouco ou ningún valor acrecentado), a súa historia está marcada pola dependencia, mesmo polo *malinchismo*. Oligarquías con complexo de inferioridade, buscando sempre por fóra dos seus países os puntos de referencia, racistas e discriminadoras con respecto aos pobos orixinarios dos que, claro está, nunca deixaron de valerse para a súa acumulación como clase explotadora. Toda a súa historia como segmento social, e polo tanto a dos países onde exerceron o seu poder, vai da man das potencias externas, e dende a doutrina Monroe en adiante, de Estados Unidos.

Para Latinoamérica todo o século XX estivo marcado pola referencia ao imperio estadounidense: “*os Estados Unidos [...] parecen destinados pola Providencia para gardar a América de miserias en nome da liberdade*”, dicía xa no ano 1829 Simón Bolívar cunhas palabras premonitorias, sen dúbida. Os novos Estados latinoamericanos, máis alá do soño integracionista do Liberador, naceron divididos, con clases dirixentes entregadas visceralmente ás potencias estranxeiras. A Grande Patria Latinoamericana, popular, con acento indíxena e sen complexo de inferioridade ante a “civilización dos brancos”, de momento cando menos non pasou de ser unha aspiración. Toda vez que se intentou algo en sentido contrario foi brutalmente decapitado.

As oligarquías nacionais foron sempre voceiras do imperio do norte, o seu xerente, o seu socio menor. Deuse así unha imbricada articulación entre Washington e aristocracias crioulas, onde poder e ganancias foron máis ou menos compartidos. E para custodiar a ambos actores, aí estiveron as forzas armadas nacionais, moitas veces preparadas mesmo en territorio norteamericano. Pero tamén estiveron as tropas do norte. Europa, a contragusto, debeu repregarse destas terras, quedando só con pequenas posesións no Caribe que a desposuíron do seu papel de potencia dominante.

En termos xerais esa foi a matriz que fixou a historia do subcontinente durante cen anos. Pero non foi unha historia pasiva, onde os dominantes impuxeron as súas condicións sen resistencias; pola contra, foi unha historia de loitas feroces, de violencia extrema, de sufrimentos externos. Historia que, por certo, lonxe está de ter rematado. Dende a suprema violencia inaugural que trouxo a conquista europea (xenocidio militar e cultural, co agregado da gripe como arma máis mortífera que os arcabuces), a violencia foi unha constante nas relacións sociais. Cos tempos trocaron as súas formas, pero mantívoase invariábel como trazo distintivo.

Das primeiras rebelións indíxenas á actual proposta da ALBA (a Alternativa Bolivariana para as Américas) como proxecto de integración, as forzas progresistas xogaron sempre un importante papel. As *esquerdas políticas*, entendidas en senso moderno (cun talante socialista poderíamos dicir, marxistas mesmo), estiveron sempre presentes nos movementos do pasado século. De feito, con diferenzas non seus bosquejos pero cun mesmo norte, en case todas as sociedades latinoamericanas se

deron procesos populares de construción de alternativas socialistas, ou nacionalistas antiimperialistas, ou reformistas cando menos, pero sempre en procura de maiores niveis de xustiza. Nalgunhas chegando a ocupar aparellos de Estado: en Guatemala coa “primavera democrática” entre os 40 e os 50 coa súa reforma agraria; Chile na década do 70 con Salvador Allende; Cuba coa súa heroica revolución; Nicaragua cos *sandinistas*; a actual Venezuela e a súa Revolución Bolivariana; e noutras experiencias, pelexando dende a base en movementos sindicais, reivindicacións campeciñas ou insurreccións armadas.

Sen ánimo de facer un pormenorizado estudo desta historia, o que vemos entrado xa o século XXI é que a esquerda non está en franco ascenso (de todas esas experiencias, só Cuba e Venezuela seguen con procesos revolucionarios instalados no poder estatal). Pero de ningún xeito morreu a loita por maiores niveis de xustiza, tal como o omnímodo discurso neoliberal actual pretende presentar. É máis: logo da furiosa e sanguenta represión dos proxectos progresistas das décadas dos 70/80 do século pasado e da instauración de antipopulares políticas *fondomonetaristas* nos 90, despois do derrube do campo socialista nun período onde os movementos por maiores cotas de equidade semellaban totalmente durmidos, nestes últimos anos asistimos a un renacer da reacción popular.

Estamos entón realmente ante un rexurdimento das esquerdas, de novos, viábeis e robustos proxectos de cambio social?

## **As novas esquerdas**

---

Adóitase facer a diferenza entre esquerdas políticas e esquerdas sociais. Hai, sen dúbida, un certo atraso das primeiras en relación ás segundas. Para dicilo doutro xeito, as presentacións políticas de forzas partidarias ás veces quedaron curtas en relación á dinámica que van adquirindo os movementos sociais. Moitas veces as reaccións, protestas, ou simplemente a modalidade que, de forma espontánea, tomaron as maiorías, non se ven correspondidas por proxectos políticos articulados provenientes das agrupacións de esquerda. Con variacións, con tempos distintos, pero sen dúbidas como efecto xeneralizado apreciable en toda Latinoamérica, hai un desfase entre masas e vangardas. O certo é que dende hai algúns anos (poderíamos dicir que dende finais do século pasado) a reacción de distintos movementos sociais abriu fronteiras contra o neoliberalismo rampante que se estende sen límites por toda a rexión.

Vale destacar que eses movementos, novos en moitos casos, non se corresponden totalmente con esquemas teóricos de dous ou tres décadas atrás. Aí está, por exemplo, o espertar dos movementos indíxenas, ou as reivindicacións das eternamente postergadas mulleres, que se constitúen en novos suxeitos sociais de cambio, con tanto ou máis empuxe que as reivindicacións de clase. Isto leva colateralmente á revisión crítica dos instrumentos tradicionais da esquerda e a súa lectura da realidade en termos exclusivos da loita de clases, malia que este aspecto que non se aborda-

rá aquí. Só para deixalo esbozado, cómpre dicir que non hai dúbida de que os conceptos fundamentais do marxismo, definitivamente válidos na súa raíz (loita de clases como motor da historia, apropiación do traballo dunha clase por outra ou plusvalía), necesitan unha lectura circunstanciada para a conxuntura actual, globalizada, híper informatizada, onde novos actores e eternas inxustizas esquecidas (iniquidade de xénero, diferenza Norte-Sur) introducen novos interrogantes.

Toda esta esquerda social tivo impactos diversos, con axendas igualmente diversas, ou ás veces sen axenda específica: frear privatizacións de empresas públicas; organización e mobilización de campesiños sen terra ou de habitantes de asentamentos urbanos precarios; derrocamento de presidentes como en Arxentina, en Bolivia ou en Ecuador; e oposición a políticas danosas aos intereses populares. E algo fundamental dende onde comezar a considerar os novos tempos posguerra Fría: a suma de todas estas mobilizacións impediu a entrada en vixencia da Área de Libre Comercio para as Américas tal como o tiña previsto Washington para xaneiro do 2005.

O abano de protestas e mobilizacións é amplo, e ás veces, por tan amplo, difícil de vertebrar. Os *piqueteiros* en Arxentina; os movementos campesiños cunha importante reivindicación étnica en Bolivia, Ecuador, Perú ou Guatemala; o *zapatismo* no Sur de México; ou a mobilización dos Sen Terra en Brasil son formas de reacción a un sistema inxusto que, malia que proclamara que “a historia rematou”, segue sen dar resposta efectiva ás grandes masas postergadas. Daquela, hai un fío condutor? Existe algún elemento común entre todas estas expresións?

Hoxe por hoxe, diversas expresións da esquerda política –a que nestes momentos é posíbel: moderada e de chaqueta e gravata– ten nas súas mans o aparello de Estado en países como Brasil, Chile, Uruguai e Arxentina. Eventualmente podería chegar a telo tamén en Bolivia, coa proposta do dirixente do Movemento ao Socialismo, Evo Morales (tamén esquerda de “chaqueta e gravata”?); ou en Nicaragua, co retorno dos *sandinistas* e a xa moi coñecida figura de Daniel Ortega (máis “chaqueta e gravata”?); e será máis esquerda de “chaqueta e gravata” tamén Manuel López Obrador en México, co seu Partido da Revolución Democrática que podería gañar as futuras eleccións presidenciais? A todo isto habería que sumarlle outras expresións, definitivamente moito máis inasumíbeis para Washington: Cuba e Venezuela (das que non cabe dúbida que abominan da “chaqueta e gravata”).

Tal e como están as cousas (débedas externas avultadísimas, crecente presenza militar do imperio na rexión), e dada a conxuntura con que arribaron ás administracións gobernamentais (voto en eleccións de democracias representativas, que non é o mesmo que revolucións políticas populares), as posibilidades de transformacións profundas dende as estruturas estatais (esas expresións das esquerdas electas) son limitadas. Máis aínda: son esquerdas que, en todo caso, poden administrar cun rostro máis humano situacións de empobrecemento e endebedamento sen saída no curto tempo. Pero quizais non máis ca iso.

De ningún xeito podería dicirse que son “traidores”, “vencidos ao capitalismo”, “tépedos gatopardistas”. Iso, máis que análise sería, é unha consigna principis-

ta que non pasa de discurso emotivo falto de profundidade. A esquerda constitucional fai o que pode; e hoxe, nos marcos da posguerra Fría, co triunfo da grande empresa e o unipolarismo vixente –máis aínda na rexión latinoamericana, histórico “patio traseiro” da superpotencia hexemónica– é pouco o que ten por diante: se deixa de pagar a ominosa débeda externa, se pensa en plataformas de expropiacións e poder popular e de atreverse a armar aos seus pobos, os seus días están contados. Pero acaso Kirchner, Lula, Vázquez ou Lagos falaron nalgún momento de revolución socialista nas súas campañas proselitistas? Ergueu algún deles recentemente as mesmas consignas que, tres décadas atrás, propuñan os movementos armados que, sen ningún complexo nin temor, falaban de comunismo e de confiscacións, e aos que directa ou indirectamente eles pertencían ou apoiaban? Claro que non. Por iso é demasiado superficial quedarse coa idea de “traidores”.

A feroz represión que viviu toda a rexión entre as décadas dos 70 e os 80 no pasado século tivo un efecto friamente buscado polo imperio –en combinación cos factores de poder locais– e sen dúbida acadado: amansou o movemento popular, quebrou a súa resistencia, encheuno de terror. Hoxe, cos plans neoliberais que se padecen, aínda se seguen pagando as consecuencias desa estratexia de terror. As guerras sucias que en maior ou menor grao viviron todos os países latinoamericanos, con desaparicións de persoas, centros clandestinos de detención e tortura, arrasamento de aldeas rurais e un virtual xenocidio en Guatemala (180.000 indíxenas maias mortos), non pasaron en van: lograron desmobilizar. Se non, non sería posíbel implantar as políticas de axuste estrutural impostas polos organismos financeiros do gran capital internacional: o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional. Sobre eses milleiros de mortos, desaparecidos e torturados domesticouse a protesta; de aí que, nestes últimos anos, aparece esta esquerda ben presentada, de chaqueta e gravata, que prescinde do incendiario discurso de anos atrás e que ve na labor política no marco das democracias representativas o campo –ás veces o único campo– de posíbel traballo político.

### **Un novo escenario ou máis do mesmo?**

---

Logo dos anos de ditadura e de terror que varreron Latinoamérica, o retorno das raquícticas democracias que ten lugar para a década dos 80 pode sentirse como un importante paso adiante. Innda que sexan democracias de cartón, vixiadas, condicionadas absolutamente, sen a máis mínima posibilidade de alterar a estrutura real de poder de cada país, logo da monstruosa tormenta vivida coas guerras civís, poden ser consideradas como un momento de calma. E moitas expresións da esquerda, por desconcerto, esgotamento, oportunismo ou por consideralas un paso táctico nunha loita que non se dá por perdida, comezaron a aproveitar esas fendas das democracias formais.

De todos modos debe quedar claro que os sistemas políticos que brindan esas democracias representativas constitúen un espazo máis, un de tantos, nunha

estratexia de construción revolucionaria, pero non máis ca iso, e deberíase ser moi precavido respecto aos resultados finais que as loitas neses ámbitos poden traer para unha verdadeira transformación estrutural. Os movementos insurxentes que, desmobilizados, pasaron á area partidista co seu actual novo perfil de “presentábeis ben portados con chaqueta e gravata” non acadaron grandes transformacións reais nas estruturas de poder contra as que loitaban armas en man tempo atrás (vexamos o caso das guerrillas salvadoreñas ou guatemaltecas, por exemplo, ou o movemento M-19 en Colombia). Foron “traidores” os seus dirixentes? Insisto unha vez máis (malia que non o acometamos neste traballo) na necesidade de revisar conceptos básicos do marxismo: que significa “revolucionar” unha sociedade? Por que parece que é tan fácil, ou cando menos se repite tanto a “traición” das dirixencias? Non haberá que reformular –cun fondo sentido crítico construtivo, obviamente– o tema do suxeito humano e o poder? Como é posíbel que se reitere tanto isto das “traicións”? O que leva a pensar que se debe abordar a análise con novos instrumentos conceptuais; a categoría de “traición” quizais, segue estando cargada da antinomía “bo-malo”, probablemente prescindíbel.

O que está claro é que no escenario desta posguerra Fría logo do derrube do Muro de Berlín, co papel hexemónico unipolar que foi cobrando Estados Unidos e o seu plano de profundización de poderío global, Latinoamérica é ratificada no seu papel de reserva estratéxica. Ante a desaceleración do seu empuxe económico (o imperio non está morrendo, pero comeza a ver ameazado o seu lugar intocábel a partir de novos actores máis briosos como a República Popular China ou a Unión Europea), a área latinoamericana é unha vez máis un reaseguro para a potencia do Norte, aparecendo agora como obrigado mercado integrado onde xerar negocios, provedor de man de obra barata e fonte de recursos naturais a bo prezo (ou roubados), por suposto baixo a absoluta supremacía e para conveniencia de Washington, e secundariamente dos pequenos socios locais, as tradicións aristocráticas crioulas. Desalóxica deriva a nova estratexia de recolonización coñecida como ALCA (Área de Libre Comercio para as Américas).

En realidade, esta iniciativa representa un proxecto xeopolítico de Washington que, malia que comece coa creación dunha zona de “libre” comercio para todos os países do continente americano, busca en realidade o establecemento dunha orde legal e institucional de carácter supranacional que lle permitirá ao mercado e ás multinacionais estadounidenses unha total liberdade de acción en todo o continente americano, tomando en conta Latinoamérica como a súa xa tradicional área de influencia onde ninguén pode entrar (“*América para os americanos*” sentenciaba a doutrina Monroe. Do Norte, claro está). Os marines, por suposto, son a garantía final.

De feito xa se deron importantes pasos na súa concreción: dende 1994 funciona o NAFTA (sigla inglesa de “Tratado de Libre Comercio para América do Norte”), acordo subscrito entre Estados Unidos, Canadá e México que en realidade só beneficiou ao primeiro; e nestes momentos acaba de aprobarse o RD-CAFTA (“Tratado de Libre Comercio para América Central e República Dominicana”), sendo ámbalas dúas instancias

preámbulos para a subscrición da ALCA como mecanismo panamericano. Os países que o subscriban deben “*constitucionalizar*” os arranxos xurdidos desta normativa, vendo aínda máis debilitada a súa capacidade de negociación e debendo renunciar á súa soberanía na implantación de políticas de desenvolvemento.

Expresado en forma moi sintética, a ALCA apunta aos seguintes temas básicos: 1) **Servizos**: todos os servizos públicos deben abrírense ao investimento privado; 2) **Investimentos**: os gobernos comprométese a outorgar garantías absolutas para o investimento estranxeiro; 3) **Compras do sector público**: as compras do Estado ábrese ás multinacionais; 4) **Acceso a mercados**: os gobernos comprométese a reducir, chegando a eliminar, os aranceis de protección á produción nacional; 5) **Agricultura**: libre importación e eliminación de subsidios á produción agrícola; 6) **Dereitos de propiedade intelectual**: privatización e monopolio do coñecemento e das tecnoloxías; 7) **Subsidios**: compromiso dos gobernos coa eliminación progresiva de barreiras proteccionistas en calquera ámbito; 8) **Política de competencia**: desmantelamento dos monopolios nacionais; e 9) **Solución de controversias**: dereito das multinacionais de axuizar aos países en tribunais internacionais privados. Segundo expresara coa máis total naturalidade Colin Powell, ex secretario de Estado da administración Bush, “*o noso obxectivo coa ALCA é garantir para as empresas americanas o control dun territorio que vai do Ártico até a Antártida e o libre acceso, sen ningún obstáculo, aos nosos produtos, servizos, tecnoloxía e capital en todo o hemisferio*”.

Pero aí está a forza das esquerdas, políticas e sociais: unirse como bloque rexional. E esa unión, incipiente, resultoulle un primeiro obstáculo ao imperio. De feito, os tépedos movementos integracionistas que houbo até hoxe, pero aínda máis que iso, as mobilizacións populares anti-ALCA, impediron até agora a entrada en vigor dese novo mecanismo de dominación continental.

Como reacción, a estratexia do goberno estadounidense concentrouse na procura de acordos bilaterais, preparatorios da iniciativa xeral latinoamericana que, polo de agora, deberá esperar. Nesa perspectiva de “*divide e reinarás*” inscríbese a aprobación, a toda costa e contra vento e marea, deste primeiro tratado rexional coa área centroamericana, “*un voto de seguridade nacional*”, segundo declarara o actual secretario de Defensa de Estados Unidos, Donald Rumsfeld.

O que levou a Washington a premer fortemente aos gobernos centroamericanos e a efectuar un intenso enredo no seu lexislativo para garantir a aprobación do RD-CAFTA consiste non no volume comercial en xogo neste acordo específico (escasamente o 1% do comercio externo estadounidense) senón na importancia política de establecer un freo a un modelo de integración solidaria proposto por algúns gobernos da área. Segundo publica *The Economist* o 1 de agosto do 2005, tanta presa radica “*nos temores de que Venezuela obtivera utilidades do rexeitamento para aumentar a súa presenza nos países da rexión, xa que as nacións centroamericanas poderían inclinarse, de non subscribirse o tratado, pola Alternativa Bolivariana para as Américas (ALBA) que propician Venezuela e Cuba*”.

Un dos primeiros movementos da ALBA é, xustamente, o proxecto Petrocaribe, que prevé o subministro de cru venezolano a prezos preferenciais e con facilidades financeiras para a rexión centroamericana. As luces de alarma acendéronse inmediatamente en Washington.

Xunto a este primeiro ariete que coloca o imperio para descartar calquera iniciativa integracionista que lle puidera minguar as súas posibilidades de botín, negocia igualmente cun grupo de países da comunidade andina, quen ten actualmente un acceso preferencial ao mercado estadounidense que vence en decembro de 2006. Dado que o goberno colombiano considera que o mesmo non será renovado, Bogotá está intensificando negociacións con vistas a un tratado bilateral, semellante ao xa existente con Chile. Noutros termos: se non xurdiu vitoriosa –polo menos até agora– a estratexia da ALCA a nivel continental, aí están estes outros mecanismos alternos de desunión e nova prostración de cada país. Pode acaso cada unha das débiles economías latinoamericanas (incluída a máis grande da área, a brasileira) negociar en pé de igualdade co xigante do Norte? Sen dúbida que non. Poden, ou queren, os gobernos latinoamericanos e as oligarquías a quen representan negociar con dignidade, como países autónomos, e rexeitar as imposicións de Washington? Sen dúbida que non. Poden as actuais esquerdas no poder fixar novas perspectivas? Iso é, xustamente, o que abre un novo escenario.

Ás imposicións de “libre” comercio promovidas polo goberno de Estados Unidos únense as iniciativas militares da gran potencia e os novos demos que circulan na rexión preparando o escenario para eventuais futuras intervencións bélicas: a loita contra o narcotráfico e contra o terrorismo internacional. A partires destas novas pantomas, as forzas armadas estadounidenses afondan a súa presenza no subcontinente. Aí está o Plan Colombia e o seu intento de extirparlle ao movemento guerrilleiro colombiano FARC –que controlaba un tercio do territorio nacional– e base de operacións para unha nada improbable intervención contra a Revolución Bolivariana en Venezuela (o Plan Balboa, xa listo e á espera de ser efectivizado nalgún momento). Aí está a enorme base –con capacidade para 16.000 soldados– acabada de crear en Paraguai (para asegurar o acúifero guaraní, principal reserva de auga doce do planeta, e o gas boliviano); aí están as bases en Ecuador; os exercicios provocativos en augas do Caribe (léase: demostración contra Cuba e Venezuela); ou as bases na Patagonia arxentina.

Todo indica que na estratexia hemisférica de Washington trátase de máis do mesmo.

## **Cara a unha nova relación Estados Unidos-Latinoamérica?**

Latinoamérica é a rexión do orbe con maior iniquidade; as súas diferenzas entre ricos e pobres son maiores que en ningunha outra parte. Cos plans de redución dos Estados e as receitas neoliberais que a atravesaron estas últimas décadas, a ex-

clusión social creceu de forma axigantada: nos inicios da década do 80 había 120 millóns de pobres, pero esta cifra aumentou a máis de 230 millóns nos últimos 20 anos, e deles máis de 100 millóns son poboación en situación de miseria absoluta. Así como creceu a pobreza, igualmente creceu a acumulación de riquezas en cada vez menos mans. A débeda externa de toda a rexión hipoteca eternamente o desenvolvemento dos países, e só algúns grandes grupos locais –en xeral unidos a capitais multinacionais– crecen; pola contra, as grandes masas, urbanas e rurais, decrecen continuamente no seu nivel de vida. O que non cesa é a transferencia de recursos cara a Estados Unidos, xa sexa como pagamento polo servizo de débeda externa ou como remisión de utilidades ás casas matrices das empresas que operan na rexión.

Como contrapartida dese enriquecemento de moi poucos, as masas traballadoras retrocederon en dereitos mínimos: os seus salarios son equivalentes ao que recibían 30 anos atrás ao mesmo tempo que perderon conquistas gañadas en décadas de loita no transcurso do século XX. Envilecéronse ou perdéronse a estabilidade laboral, a negociación colectiva, os seguros sociais e o dereito á sindicación. No campo encóntranse situacións de tanta precariedade como a principios do século pasado e o éxodo ilegal cara a Estados Unidos como recurso último de salvación axigántase día a día. Nese marco de retroceso social apareceron novos elementos, sen dúbida ligados indirectamente ás políticas neoliberais, como o aumento da actividade de narcotráfico e do crime organizado; a crecente delincuencia e o clima de violencia urbana; a explosión de nenez desprotexida que remata vivindo na rúa. Non son infrecuentes os casos de escravitude encuberta así como o turismo sexual, as adopcións ilegais de nenos por familias do Norte, as cuadrillas xuvenís armadas e violentas, o aumento escandaloso do traballo infantil, e outros síntomas, todos eles proba dun deterioro social e humano explosivo.

Diante de todo este desolador panorama –nalgún sentido nada distinto en Latinoamérica do que a caída do socialismo soviético permitiu por parte do gran capital multinacional en todas as latitudes do mundo, incluído o Norte desenvolvido– e despois duns primeiros anos de repregue do campo popular produto do terror deixado polas guerras sucias, vemos nos últimos anos do pasado século e nos primeiros do presente novos embates de loitas. Independentemente que as chamemos “socialistas” ou non, son loitas cun claro signo popular, reivindicativo, antiimperialista. Velái o exemplo máis vivaz da esquerda social que, como dicíamos, non sempre se ve correspondida polas esquerdas políticas.

Aínda que non hai na actualidade unha clara proposta articulada de proxecto político transformador –como o houbo décadas atrás, a partir do que se desatara a salvaxe represión xa mencionada– as loitas populares continúan. É máis: nestes últimos anos vense acrecentadas. Xa son varios os presidentes (De la Rúa en Arxentina; Bucaram, Mahuad e Gutiérrez en Ecuador; Sánchez de Losada e Meza en Bolivia) removidos dos seus cargos produto desas mobilizacións ao non daren respostas aos urxentes problemas sociais. E volve a falarse sen temor de antiimperialismo, da política exterior e do goberno de Estados Unidos como “inimigos”. De todos xeitos,

toda esa efervescencia por si soa non constitúe un proxecto revolucionario propiamente dito. Pero é un xermolo, sen dúbida. De aí que para a estratexia hemisférica de Washington esta alza nas protestas constitúe sempre un foco de preocupación.

As actuais administracións políticas con talante esquerdizante ás que asistimos en Latinoamérica (Lula, Vázquez, Kirchner, Lagos), sen ser “traidoras” á causa revolucionaria en sentido estrito (quen e dende onde di iso?), están nunha situación ambigua. Chegaron ao poder co apoio popular, pero o seu proxecto non é gobernar en función dun cambio profundo. Ningún destes presidentes falou, por exemplo, de suprimir a propiedade privada. De todos modos non son descarnados neoliberais sentados sobre as baionetas de ditaduras militares: representan propostas cunha “tendencia social”, cunha “preocupación social” (digámolo con ese neoloxismo), e polo tanto teñen no gran capital estadounidense, gústelles ou non, ao seu gran inimigo. Pero a súa mesma ambigüidade non lles permite ir abertamente contra el. De feito, nunha relación de marchas e contramarchas non exenta de tensións, a mesma administración republicana da Casa Branca eloxiou en máis dun caso a estas esquerdas aliñadas (e seguiraas loando, sempre e cando continúen a pagar a débeda, non impidan seguir gañando cantidades siderais de diñeiro ás empresas estadounidenses e lle abran as súas portas ás forzas armadas do Pentágono). Esas esquerdas, mentres non se quiten a “chaqueta e a gravata”, continuarán a ser bendicidas polo imperio.

Pero hai outras esquerdas que fan goberno dende outra perspectiva: Cuba, ou recentemente Venezuela coa súa Revolución Bolivariana. Xustamente por iso son o branco de ataque do gran capital e de todas as administracións estadounidenses. Xamais serán bendicidas; ao contrario, están na mira dos canóns imperiais. No caso de Venezuela, principal reserva de petróleo do mundo, a súa situación podería chegar a resultar mesmo trágica (un novo Iraq?). O socialismo do século XXI e esas reservas son demasiada provocación para a elite da gran potencia.

O que si preocupa a Washington, agora tanto como en todo o transcurso do século XX, é o movemento popular, a organización de base. As esquerdas que ocupan aparellos de gobernos poden ser máis manexábeis; as masas, non tanto.

Por iso, como parte dunha política que non cambiou no substancial nos últimos cen anos, a opción militar nunca desapareceu. Se ben é certo que hoxe por hoxe na estratexia hemisférica de Estados Unidos non son necesarias as ditaduras militares coma o foron durante o auxe da Guerra Fría no marco da Doutrina de Seguridade Nacional, nos últimos anos as fráxiles democracias latinoamericanas permaneceron sempre vixiadas pola atenta mirada castrense. Pero non a mirada das forzas armadas vernáculas, senón directamente por militares do norte.

Distintos documentos da política exterior a longo prazo e planificación estratéxica de Washington reafirman tanto o seu suposto dereito a intervir na rexión (o seu eterno “patio traseiro”), así como a apelación á acción armada toda vez que o estime necesario. Tanto o “Documento Santa Fe IV Latinoamérica hoxe” –clave filosófica dos actuais falcóns republicanos– como o “Documento Estratéxico para o ano 2020 do Exército dos Estados Unidos”, ou o Informe “Tendencias Globais 2015”

do Consello Nacional de Intelixencia –organismo técnico da Axencia Central de Intelixencia (CIA) – presentan as hipóteses de conflito social dende unha óptica de conflito militar, completamente. A redución da pobreza e o combate contra a marxianación recollidas na ambiciosa (e quizais incumpríbel nos marcos do capitalismo) axenda dos “Obxectivos do Milenio” de Nacións Unidas é algo que non entra nos plans xeoestratéxicos do imperio. A quen proteste, represión; non hai outra resposta. E os recursos naturais asentados en Latinoamérica (petróleo e auga doce entre os principais) son considerados coma propios. Por suposto que a quen proteste, tamén represión. O Plan Colombia, as estratexias de Tres Fronteiras, Alcántara, Misións, Cabañas 2000, a Iniciativa Rexional Andina ou a base militar de Manta en Ecuador, entre outras, lémbrennolos.

O principal inimigo de Washington seguen sendo os movementos populares, o que poderíamos chamar a esquerda social e non tanto as esquerdas políticas (hoxe, ao ocupar posicións de goberno, fieis pagadoras da débeda externa e preocupadas, máis que nada, por saír en televisión). Segundo o referido informe da CIA: *“Tales movementos acrecentaranse, facilitados por redes multinacionais de activistas de dereitos indíxenas, apoiados por grupos internacionais de dereitos humanos e ecoloxistas”*. O *“papel ameazante á estabilidade rexional”* (léase: ameaza aos intereses da oligarquía estadounidense), segundo esta lóxica, está dado por *“organizacións sociais, pobos indíxenas e organismos non gobernamentais de dereitos humanos e ambientalistas”*. A isto, como parte dunha ben articulada proposta de manipulación informativa, súmanse o narcotráfico e o terrorismo internacional (até as cuadrillas xuvenís están ligadas a Al Qaeda, segundo esta orquestración).

As actuais esquerdas que gobernan algúns países latinoamericanos non son a principal fonte de preocupación do imperio; pero si a idea de unión que entre elas se podería dar. A pantasma da integración latinoamericana si inqueda.

Como ben dixo o premio Nobel da Paz, o arxentino Adolfo Pérez Esquivel, *“o único país que ten un proxecto estratéxico para América Latina, lamentablemente, é Estados Unidos, e non é, precisamente, o que necesita o noso continente”*.

Pero a actual proposta de posta en marcha da ALBA –Alternativa Bolivariana para América Latina e O Caribe– é unha seria e sostíbel iniciativa na dirección da integración hemisférica cun sentido social. A mesma foi presentada polo presidente venezolano Hugo Chávez en ocasión do III Cumio de Xefes de Estado e de Goberno da Asociación de Estados do Caribe, celebrada na illa Margarita en decembro de 2001; trázanse aí os principios retores dunha integración latinoamericana e caribeña baseada na xustiza e na solidariedade entre os pobos. Tal e como o anuncia o seu nome, a ALBA pretende ser un amencer, un novo amencer radiante.

A iniciativa fundaméntase na creación de mecanismos para crear vantaxes cooperativas entre as nacións que permitan compensar as asimetrías existentes entre os países do hemisferio; baséase na creación de Fondos Compensatorios para corrixir as disparidades que colocan en desvantaxe ás nacións débiles fronte as principais potencias; outórgalle prioridade á integración latinoamericana e á negociación en bloques

subrexionais, buscando identificar non só espazos de interese comercial senón tamén fortalezas e debilidades para construír alianzas sociais e culturais. Como sintetizou o presidente Chávez no corazón da proposta, “*é hora de repensar e reinventar os debilitados e agonizantes procesos de integración subrexional e rexional, nos que a crise é a máis clara manifestación da carencia dun proxecto político compartido. Afortunadamente, en América Latina e no Caribe sopra o vento a favor para lanzar a ALBA como un novo esquema integrador que non se limita ao mero feito comercial senón que sobre as nosas bases históricas e culturais comúns, apunta a súa mirada cara a integración política, social, cultural, científica, tecnolóxica e física*”.

“*Hai unha alianza esquerdista e populista na maior parte de América do Sur. Esta é unha realidade que os políticos de Estados Unidos deben afrontar, e o noso maior desafío é neutralizar o eixo Cuba-Venezuela*”, escribiu recentemente Otto Reich, ex secretario de Estado adxunto para Asuntos do Hemisferio Occidental, no artigo titulado “*Os dous terríbeis de América Latina*”, na revista dereitista estadounidense *National Review*. Non é esa soa a opinión en solitario dun funcionario da administración Bush, senón que pola contra fala da verdadeira política dos falcóns da Casa Branca cara a considerada como a súa natural zona de influencia.

E aí están as claves da relación do imperio cos seus súbditos. Unha nova esquerda remodelada, que deixou atrás as armas da guerrilla, que non fala de confiscacións e poder popular (porque non pode, porque crebrou, por ámbalas dúas cousas, etc) é tolerábel. Mesmo é, como parte das dinámicas do xogo político, até desexábel na lóxica de dominación; é unha maneira de demostrar que aqueles “soños xuvenís” do socialismo eran irrealizábeis, e agora, sen barba e ben peiteados, estes novos funcionarios ratifican “a fin da historia”.

Pero cando as relacións se desenvolven de igual a igual, cando a dignidade non se negocia, volven a soar os tambores de guerra por parte do Tío Sam. Esa matriz non cambiou, a historia tampouco terminou, e do que se trata é de ver cómo esa esquerda social (movementos indíxenas; campesiños sen terra; desocupados; insurxentes que non se resignaron e que para Washington continúan a ser as “ameazas á estabilidade rexional”; o que quede de clase obreira organizada; movementos de mulleres; ou intelectuais progresistas) poden articularse nunha proposta de integración rexional, de Patria Grande, como pretendeu Bolívar. Nun mundo de globalización, de grandes bloques e políticas a escala planetaria, a esquerda social, a esquerda dende abaixo e popular, só unida pode enfrontarse con posibilidades de éxito ao aínda poderoso imperio estadounidense.

---

*Marcello Colussi é licenciado en Filosofía e psicólogo. Ensaísta, escritor e periodista de orixe arxentina.*

Este artigo foi escrito en setembro de 2005.